

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 1 DE XULLO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCIONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a un de xullo de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as

oito horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 23 de xuño de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- AUTORIZACIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO POSTO DE TRABALLO DE DOCENTE DA ESPECIALIDADE DE FORESTAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO "TERRAS DE CAMBA II"

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado por este órgano, na sesión celebrada o día 12 de xuño do corrente, ao quedar vacante o posto de traballo de docente da especialidade de forestal por renuncia do único candidato que superou o proceso selectivo, procedeuse a solicitar da Oficina do SPEG de Lalín unha

ampliación da sondaxe ao obxecto de acadar novos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado (RS núm. 458, do 17/06/26). En resposta a dita solicitude de ampliación, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os seguintes candidatos:

Docente da especialidade forestal (oferta núm. [REDACTED])

- Picallo Vázquez, José Manuel
- Randolfe Gama, José Manuel

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos candidatos preseleccionados un prazo de dous días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os seguintes candidatos:

- Picallo Vázquez, José Manuel (RE núm. 959, do 23/06/26)
- Randolfe Gama, José Manuel (RE-E núm. 456, do 23/06/26)

A Comisión de selección dispuxo que todos os candidatos presentados foran admitidos ao proceso selectivo ao cumprir os requisitos de admisión.

O proceso selectivo desenvolveuse entre os días 25 e 29 de xuño do corrente, ambos inclusive, co seguinte resultado final:

CANDIDATO	MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL
JOSÉ MANUEL PICALLO VÁZQUEZ	7,41	7,41
JOSÉ MANUEL RANDOLFE GAMA	5,79	5,79

A Comisión de selección efectúa proposta de contratación a favor do candidato coa maior puntuación José Manuel Picallo Vázquez

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de selección e debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar, a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a

tempo completo (40 horas/semana), por lo período comprendido entre os días 1 de xullo de 2026 e 15 de marzo de 2027, ambos inclusive, do traballador que deseguido se sinala:

Docente da especialidade forestal

NOME E APELIDOS	DNI
JOSÉ MANUEL PICALLO VÁZQUEZ	██████████

RESERVA:

JOSÉ MANUEL RANDOLFE GAMA

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

3.- CONTRATACIÓN DUN (1) TRABALLADOR AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026 (LIÑA 3)

O Sr. alcalde en funcións informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co solicitado polo Concello á Deputación Provincial ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2026, resta a esta data a contratación dun posto de traballo de peón de obras públicas por un período de dous meses e vinte e un días.

Tendo en conta o limitado período de contrato e a realización en datas recentes dun proceso selectivo para a provisión de postos de traballo de similar natureza, considérase convinte para o interese público facer uso da lista de agarda que, para dita categoría, foi aprobada por acordo deste órgano adoptado na sesión de data 4 de maio do corrente, correspondéndolle ocupar dito posto ao segundo reserva José David Míguez Salina, por canto o primeiro reserva xa foi obxecto de contratación polo Concello noutro proceso selectivo.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a

tempo parcial (25 horas/semana), por un período de dous (2) meses e vinte e un (21) días, do traballador que deseguido se sinala:

Peón de obras públicas

NOME E APELIDOS	DNI
JOSÉ DAVID MÍGUEZ SALINA	██████████

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

4.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA TOTAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR AUGAS DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA

En relación á subvención outorgada por Augas de Galicia, por resolución de data 12/09/25 e importe total de 44.994,04 €, para a actuación denominada “*Mellora do depósito de abastecemento de Gurgullóns*”, ao abeiro da Resolución do 28 de marzo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrência non competitiva, para a execución de actuacións para minimizar as perdas de auga en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 con carácter plurianual (DOG núm. 71, do 11/04/25) – Expediente núm. ██████████, procede a aprobación da conta xustificativa total do gasto correspondente.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa total da subvención concedida que a continuación se sinala:

— Subvención concedida: 44.994,04 € (sen IVE)

— Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
AGrameJUTO S.L.	██████	11	28/04/2026	30/04/2026	48.317,97 €

— Cantidade xustificada: 48.317,97 € (IVE incluído)

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición de Augas de Galicia, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

5.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MARCAXE DEZA S.L. 42,35 €
Por traballos de imprenta para o Concello, s/factura núm. 260311 (FACe).
- JORGE OJEA MATO 183,56 €
Indemnizacións por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 183,56 €
Indemnizacións por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- YOLANDA AGUIAR JORGE 171,32 €
Indemnizacións por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- GERARDO ABELEDO IGLESIAS 171,32 €
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.

- GEMAGAR GALICIA S.L. 2.800,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2026*” no mes de xuño de 2026, s/factura núm. 0026/0000026 (FACe).
- MAIS ESCOLA S.L. 4.500,00 €
Por servizo de reforzo puntual do persoal do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/facturas núm. 44 e 45 (FACe).
- MAPFRE VIDA S.A. 1.107,81 €
Por seguro anual dos/as usuarios/as do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 75202619900030001528.
- MAXIDEZA S.L. 183,50 €
Por subministro de repostos para a máquina varredora, s/factura núm. 2026 A 002766 (FACe).
- IVMASA SUMINISTROS QUÍMCOS INDUSTRIALES S.A. 662,89 €
Por subministro de produtos químicos para a piscina municipal, s/factura núm. 26266 (FACe).
- TQ TECNOL S.A.U. 1.936,61 €
Por subministro de produtos para impermeabilización da piscina municipal, s/factura núm. FV2607047 (FACe).
- INDUSTRIA QUÍMICA RÍO BLANCO S.L. 593,87 €
Por subministro de cloro para a piscina municipal, s/factura núm. A/137044 (FACe).
- COSAPLAG S.L.U. 248,24 €
Por analíticas de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/factura núm. 20262571 (FACe).
- MIGUEL LÓPEZ FERREIRO 17.424,00 €
Por actuación musical da “*Orchestra La Fórmula*” na festa do chuletón dentro da iniciativa “*Sabor Labrego Rodeiro 2026*”, s/factura núm. 2026/06 (FACe).

- SAUDETER S.L.U. 1.956,03 €

Por animación da festa infantil organizada polo Concello co gallo do San Antonio en Rodeiro, s/factura núm. SAU26/0164 (FACe).

- MIGUEL CONDE VALES 351,58 €

Por instalación de valla perimetral na piscina municipal, s/factura núm. C-2026105.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as nove horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)